

## **Camões en galego: algunhas versións do soneto “Alma minha gentil, que te partiste”**

Xosé Manuel Dasilva

**RESUMO** Xosé Manuel Dasilva salienta nesta nota a fortuna do soneto de Camões “Alma minha gentil, que te partiste” na literatura portuguesa e universal. Pon de relevo a sinxeleza do texto, a súa organización formal semellante a unha pregaría e o seu ritmo melódico, trazos que xustifican o impacto deste poema, así como a elucubración ao redor da identidade da destinataria á que se dirixe o emisor lírico. Recolle a singular interpretación da composición que realizou Filgueira Valverde quen, tendo en conta a elegía de Lope de Vega dedicada á morte do seu fillo, considerou que se trataba dunha homenaxe desesperada á morte dunha criatura. A seguir, refírese ás dificultades textuais que presenta o poema, xa que existen dúas lecturas diverxentes segundo se estableza o texto a partir dos códigos manuscritos ou das edicións impresas. Tras reproducir a versión establecida por Azevedo Filho, céntrase na fortuna crítica da composición camoniana tanto en Galicia coma no resto da Península, recollendo as diferentes traducións realizadas.

125

**ABSTRACT** In this short article, X M D examines the resonance of Camoes’ sonnet “Alma minha gentil, que te partiste” (“Gentle soul of mine, that art departed”) in Portuguese and universal literature. He notes the simplicity of the text, its structure, similar to that of a prayer, and its melodic rhythm, all of which contribute to the impact of the poem, and the mystery of the identity of the female dedicatee. He points to the interpretation of Filgueira Valverde, who, taking into account Lope de Vega’s elegy on the death of his son, considers that the poem reflects anguish on the death of a baby girl. He goes on to examine the textual difficulties of the poem: there are two traditions, one MS, the other printed, which provide distinct versions. After reproducing Azevedo Filho’s critical edition, X M D looks at the textual history of the poem, both in Galicia and in the rest of the Peninsula, listing the translations.

En carta dirixida por Noriega Varela o 23 de outubro do ano 1922 dende Trasalba a Teixeira Pascoaes, o autor de *Do ermo* anunciáballe ao por el idolatrado poeta de Amarante a preparación dun “novísimo libro”, que sería unha

“colección de sonetos *mimosinhos*” composto por medio cento de pezas<sup>1</sup>. O móbil inmediato desta obra respondería, segundo as mesmas palabras do escritor mindoniense, á constatación de que o soneto “fue poco cultivado aun por los vates gallegos de mayor renombre”, mentres que, contrariamente, “hay en Portugal *maestros del soneto* que se pueden codear con los mejorcitos del mundo”. Como proba deste devoto parecer, Noriega Varela confesáballe a Teixeira de Pascoaes que lera “entusiasmado” o soneto camoniano “Alma minha gentil, que te partiste”, o cal lle debeu causar, con seguranza, unha sincera impresión, xa que chegaría a imitar con suma fidelidade a armazón retórica deste poema no soneto “Ó meu difuntiño”, de profunda transcendencia por estar dedicado á morte do seu fillo<sup>2</sup>.

É esta de Noriega Varela unha mostra no ámbito galego de adhesión entregada ao famosísimo “Alma minha gentil, que te partiste”, que sen a menor marxe para a dúbida é unha das poesías máis celebradas non só da obra lírica de Camões, mais tamén do patrimonio literario portugués e mesmamente das letras universais. Non en van, o sonetólogo italiano Leo Negrelli dixo rotundamente desta composición que é “il *sonettissimo* come ce ne sono altri due o tre nella letteratura portoghese e in altre”<sup>3</sup>. Na verdade, á parte da súa indiscutíbel calidade artística, as razóns que explicarían a inmensa proxección desta fermosa alfaia camoniana son de natureza heteroxénea, aínda que non é difícil observar a través de todos os argumentos favorábeis cómo se foi afianzando co pasar do tempo o consenso de se tratar dun poema de sublime beleza<sup>4</sup>.

---

<sup>1</sup> Eloísa Álvarez e Isaac Alonso Estraviz (eds.), *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1999, pp. 119-120.

<sup>2</sup> Carballo Calero realizou unha análise comparativa dos dous sonetos, atendendo detalladamente a cadanseus versos, que o leva finalmente a referir a seguinte conclusión: “Non temos esgotadas as semellanzas, pero abundan para probar a estreita dependencia dunha fonte literaria, que Noriega deliberadamente practicou ao compor un poema sobre asunto tan persoal e íntimo. Dista, pois, moito este soneto de sere un brado lírico espontáneo” (Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 2ª ed., Vigo: Editorial Galaxia, 1975, p. 536).

<sup>3</sup> Leo Negrelli, *Il sonetto portoghese*, Firenze: Il Fauno Editore, 1964, p. 276.

<sup>4</sup> Malia destacarse sempre a súa orixinalidade, sinaláronse varios modelos para “Alma minha gentil, que te partiste”, todos eles de autoría petrarquiana. En primeiro termo, indicouse o soneto “Questa anima gentil che si diparte”, sobre todo no que se refire ás coincidencias que corresponde fixar canto aos versos iniciais dos dous poemas. Pódese comprobar sen esforzo que as afinidades se reducen aos primeiros decasílabos, tomando despois cada composición un camiño diferente. Outro poema petrarquiano citado como fonte de “Alma minha gentil, que te partiste” foi “Anima bella da quel nodo sciolta”, mais tamén aquí os parentescos entre os dous textos son escasos posto que o soneto de Petrarca está lonxe dos estremeadores contidos da peza camoniana.

Faise necesario, entre tales razóns, pór inicialmente de relevo a extrema sinxeleza do texto, cunha estruturación límpida e harmónica que fai que a conmovedora mensaxe que se transmite sexa de lectura intelixíbel ata para o lector corrente<sup>5</sup>, por máis que o contido do poema, como despois se ha ver, non se presente no fondo tan evidente como se podería pensar nun primeiro momento. Na relación de motivos que xustificarian o extraordinario éxito de “Alma minha gentil, que te partiste”, outras estimacións teñen insistido na peculiar organización formal da peza, semellante no marcado ton enfático que posúe as características dunha pregaria, suplicando aquí o amante desamparado un destino idéntico ao que a amada tivo<sup>6</sup>. Algunha opinión máis ten tamén salientado, por outra parte, as excelencias sonoras do decassílabo inicial da composición, así como o axustado ritmo melódico que adoptan logo os versos restantes ata o desenlace<sup>7</sup>. Finalmente, mesmo non se debería desbotar, como outra xustificación do impacto deste poema, a posibilidade de ter servido proximamente para elucubrar en volta da identidade da destinataria que recibe o dramático rogo do emisor lírico<sup>8</sup>, como se o descubrimento de tal pormenor fose realmente importante para dar mellor aprecio ao texto<sup>9</sup>.

---

<sup>5</sup> O comentarista seiscentista Faria e Sousa salientou que “no se puede escribir algún Soneto que de alguna manera se aventure a este, ni en limpieza, ni en facilidad, ni en armonia, ni en afectos” (Manuel de Faria y Sousa, en Luís de Camões, *Rimas várias*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1972, pp. 53-54. Reproducción facsimilada da ed. de 1685).

<sup>6</sup> O editor camoniano Agostinho de Campos comparou a diafanidade de “Alma minha gentil, que te partiste” coa do “Nosso Pai”, percibindo nos dous textos unha estrutura común de oración: “Mais espalhado está o *Padre Nosso*, sem que com isso desmereça nada aos olhos dos que podem e devem considerá-lo também como obra-de-arte que é. A aproximação não é arbitrária, porque o soneto *Alma minha* deve em boa parte ao seu carácter de prece a larga aceitação que tem tido, e que mais larga é pela universalidade do sentimento que o poemeto exprime e pela facilidade popular da forma em que a emoção foi vazada” (Agostinho de Campos (ed.), Luís de Camões, *Camões Lírico*, IV. *Sonetos Escolhidos*, Paris/Lisboa/Porto/Rio de Janeiro: Livrarias Aillaud & Bertrand-Livraria Chardron-Livraria Francisco Alves, 1926, p. 169).

<sup>7</sup> “Chaves do êxito são a magia verbal do primeiro decassílabo e o ritmo expressivo, perfeitamente adequado à ideia. O verso inicial bastaria para imortalizar qualquer poeta. A mera comparação da sua linha melódica com a dos seus antecedentes imediatos italianos revela quanto nele existe de pura valorização poética, pessoalíssima e... inspirada” (Xosé Filgueira Valverde, *Camões*, Coimbra: Livraria Almedina, 1981, p. 154).

<sup>8</sup> “Nenhuma das suas líricas, porém, foi tão apreciada como o seu soneto *Alma minha gentil*, sem embargo da cacofonia inicial, de tal sorte que, durante quatro séculos, muitas pessoas pretenderam investigar quem seria a mulher por tal modo adorada e chorada pelo altíssimo poeta” (Luiz da Cunha Gonçalves, *Quem era a Alma minha gentil e a Dinamene de Camões*, Separata das *Memórias*, t. V, 1951, p. 3).

<sup>9</sup> Particularmente este soneto serviu de modo extraordinario, como xa se dixo, para procurar a identidade da muller que sería a suposta destinataria. O punto de partida para iso está na fabulosa información que fornece o cronista Diogo do Couto na *Década VIII* a propósito do encontro que tivo con Camões en Mozambique, citando expresamente “Alma minha gentil, que te partiste” como poema

É moi oportuno, neste capítulo referido ás numerosas significacións que “Alma minha gentil, que te partiste” ao longo do tempo suscitou, chamar a atención, en tanto un episodio máis da fortuna do soneto camoniano en Galicia, sobre a singular interpretación fornecida por Filgueira Valverde, coa que o polígrafo pontevedrés acabou invertendo os sentidos máis frecuentemente atribuídos ao poema. É unha interpretación, curiosamente, que se vincula en certa maneira á imitación que Noriega Varela levara a cabo do texto portugués no seu “Ó meu difuntinho”, posto que Filgueira Valverde propón, tendo en conta a coñecida elexía de Lope de Vega parellamente dedicada á morte do seu fillo, que “Alma minha gentil, que te partiste” nacería como desesperada homenaxe á morte dunha criatura:

(...) o purísimo amor que aquí se reflecte afigura-se-nos muito próximo do de Lope de Vega na elegía ao seu fillo. Não será um amor paternal ante o frágil despojo de uma criancinha morta o que terá feito Camões adaptar assim Petrarca? Esse *ver nos olhos* não terá maior relação com o *incipit, parve, puer* de Virgílio do que com a gramática amorosa do Renascimento? E a insistência na partida prematura não parece referir-se antes a um ser infantil do que a uma mulher amada<sup>10</sup>.

128

---

dirixido a unha rapaza oriental, amada polo poeta, que acababa de falecer no mar. Faria e Sousa recollera xa esa mesma información dunha obra impresa da poesía lírica de Camões, mais conxecturando que a dama convertida na protagonista do poema sería D. Catarina de Ataíde, a máxima inspiradora, na súa opinión, dos versos camonianos (Faria e Sousa, en *Camões, Rimas...*, p. 54). A verdade é que a lenda da moza chinesa, presunta personaxe retratada en “Alma minha gentil, que te partiste”, acadou unha acollida desmedida e deu lugar a diversas coleccións de textos camonianos que a terían a ela como musa exclusiva. Convén citar, por exemplo, o volume que preparou o camonista brasileiro Afrânio Peixoto, composto por corenta e catro poemas amorosos arredor de Dinamene, o nome que se deu a esta hipotética amada de Camões. Vid. Afrânio Peixoto, *Dinamene (Alma minha gentil)*, Lisboa: Oficinas Gráficas da Biblioteca Nacional de Lisboa, 1926.

<sup>10</sup> Xosé Filgueira Valverde, *Camões*, Coimbra: Livraria Almedina, 1981, p. 152. A primeira edición desta obra, que apareceu orixinalmente en castelán, saíu do prelo no ano 1958, publicada en Barcelona pola editorial Labor. Hai unha segunda edición, tamén en castelán, que apareceu en Madrid, baixo o selo da Editora Nacional, en 1975, e mesmo unha terceira edición, promovida, no ano 1993, pola Xunta de Galicia. Filgueira Valverde expuxo novamente a súa tese interpretativa acerca de “Alma minha gentil, que te partiste” nun artigo consagrado monograficamente ao poema camoniano: “Prescindiendo de toda la historia de la moza china y de su improbable relación con Dinamene, el purísimo amor que aquí se refleja parece muy cercano al de Lope en la elegía de su hijo. ¿No será un amor paternal ante el frágil despojo de una criaturilla muerta el que habrá hecho a Camoens adaptar así al Petrarca? ¿Ese “ver en los ojos” no tendrá mayor relación con el “incipit, parve puer” de Virgilio, que con la gramática amorosa del Renacimiento? Y la insistencia en la temprana partida, ¿no parece referirse más bien a un ser infantil que a una mujer amada?” (Xosé Filgueira Valverde, “Alma minha gentil que te partiste”, en *Primera y segunda asambleas lusitano-gallega (Actas y comunicaciones)*, Madrid: Real Academia Gallega, 1967, p. 128).

Sexa como fose, e máis alá da sobresaliente reputación estética do soneto, é preciso dicir que “Alma minha gentil, que te partiste” é paradoxalmente un texto de complexa explicación crítica<sup>11</sup>. A causa reside, de modo primordial, nas dificultades textuais que moitos dos seus versos encerran, ata o punto de que do poema foi exclusivamente coñecida durante un extenso período unha soa versión que, con toda seguridade case, non está de acordo coas palabras orixinais de Camões. En efecto, tal e como acontece non poucas veces no conxunto da poesía lírica camoniana, este soneto figura con dúas lecturas claramente diverxentes segundo se estableza o texto a partir dos códices manuscritos ou das edicións impresas.

Desta maneira, con catro testemuños na primeira clase mencionada de fontes, á parte de se referir o seu *incipit* no “Índice” do *Cancioneiro do Padre Pedro Ribeiro*, “Alma minha gentil, que te partiste” presenta dúas familias textuais no ámbito da tradición manuscrita, como ben estudiou Azevedo Filho<sup>12</sup>. A diferenza fundamental encóntrase no v. 2, que contén a palabra *vida* no *Cancionero de la Real Academia de la Historia de Madrid* e no *Códice 839 da Biblioteca Pública Municipal do Porto*, onde se recolle o primeiro cuarteto do soneto, mentres que no *Cancioneiro de Cristóvão Borges*, no *Cancioneiro de Luís Franco Correa* e no *Cancionero de la Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo del Escorial* se le o termo *corpo*, o mesmo que aparece na dobre tradición impresa das *Rhythmas* (1595) e das *Rimas varias* (1685-9).

129

Outra disparidade textual importante atinxe ao v. 6, xa que no *Cancionero de la Real Academia de la Historia de Madrid* está a lección *memória do passado se consente*, no *Cancioneiro de Cristóvão Borges*, no *Cancioneiro de Luís Franco Correa* e no *Cancionero de la Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo del Escorial* consta *memória deste mundo se consente*, e na tradición impresa das *Rhythmas* e das *Rimas varias*, *memória desta vida se consente*. Finalmente, o v. 12 tamén é moi problemático dende o punto de vista ecdótico, rexistrándose as leccións seguintes: *Cancioneiro de Cristóvão Borges*, *pede a Deos que teus días encurtou*; *Cancioneiro de Luís Franco Correa*, *pede a Deos que teus anos encurtou*; *Cancionero*

---

<sup>11</sup> Nunha fonte manuscrita ata se encontra unha anotación que é altamente desconcertante: “No manuscrito 1080, fls. 45 v. da Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra, o soneto figura com esta epígrafe: *Soneto de um amigo que tornando para casa o achou morto*” (Maria de Lurdes Saraiva (ed.), Luís de Camões, *Lírica completa*, vol. II, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1980-1, p. 147).

<sup>12</sup> Cfr. por exemplo Leodegário A. de Azevedo Filho (ed.), Luís de Camões, *Lírica de Camões*. 2. *Sonetos*, t. I, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1987, pp. 95-109.

de la Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo del Escorial, pede a Deos que teus anos incurtou; Cancionero de la Real Academia de la Historia de Madrid, pide a Deos que tua vida abreviou; e na tradición impresa das *Rhythmas* e das *Rimas varias*, roga a Deos que teus anos encurtou.

Nin é necesario dicir que a escolla dunha posibilidade textual en “Alma minha gentil, que te partiste” inflúe relevantemente, se cadra como non ocorre con igual gravidade en ningún outro soneto camoniano, na eséxese que despois se faga do poema, unha vez que os testemuños documentados na tradición manuscrita ofrecen unha versión que manifesta importantes discrepancias con relación ao texto habitualmente divulgado. En efecto, a palabra que pode modificar profundamente o sentido do soneto é *corpo*, no v. 2, substituída polo xeral no ámbito da tradición impresa por *vida*. De tal forma, “Alma minha gentil, que te partiste” habería que o ler como un poema no que o emisor lírico se dirixe á súa propia alma, asociada intimamente á imaxe da amada consonte unha idea esencial no pensamento neoplatónico, no momento de aquela fuxir acompañando a muller adorada, que se ausenta quer por falecemento, quer por afastamento<sup>13</sup>. Como se pode comprobar, é unha interpretación que se desvía do sentido máis común que se deduciu do texto, baseado tan só nas leccións transmitidas polos testemuños impresos, segundo o cal o emisor lírico se dirixe realmente á amada no dramático transo de a despedir á forza prematuramente da vida<sup>14</sup>.

130

Velaquí o texto de “Alma minha gentil, que te partiste” conforme o rigoroso establecemento crítico realizado, en función das fontes máis seguras da tradición manuscrita, por Azevedo Filho:

Alma minha gentil, que te partiste  
tão cedo deste corpo descontente,

---

<sup>13</sup> Trátase dunha interpretación que, aínda que de forma non moi convencida, está xa suxerida nos comentarios ao poema realizados nas primeiras décadas do século XX polo editor Agostinho de Campos, quen se fundamentou nas conclusións dun intuitivo camonista, Patrocínio Ribeiro, tras consultar as leccións textuais que aparecen no *Cancioneiro de Luís Franco Correa*: “No Cancioneiro de Luis Franco, amigo do Poeta, lê-se *dêste corpo* em vez de *desta vida*. Isto serviu para justificar dúas interpretacións que não vingaram: que o soneto foi composto ou recitado à beira do próprio túmulo da inspiradora (Juromenha, II, 374); e que a *alma minha* é literalmente a do próprio Poeta (Patrocínio Ribeiro, *O Século*, de Lisboa, 25 de Setembro de 1918)” (Campos, en Camões, *Camões Lírico*, IV..., p. 136).

<sup>14</sup> Vid. Xosé Manuel Dasilva, “De tão divino acento em voz humana” (*Leituras dos Sonetos de Camões*), Vigo: Universidade de Vigo, 2001, pp. 140-145.

repousa tu nos ceos eternamente,  
e viva eu cá na terra sempre triste.

Se lá no assento etéreo, onde subiste,  
memória deste mundo se consente,  
não te esqueças daquele amor ardente  
que já nos olhos meus tão puro viste.

E se vires que pode merecer-te  
[alg?ã] cousa a dor que me ficou  
da mágoa sem remédio de perder-te,

pede a Deos, que teus anos encurtou,  
que tão cedo de cá me leve a ver-te,  
quão cedo dos meus olhos te levou.

Trala imitación, xa antes comentada, que fixera Noriega Varela de “Alma minha gentil, que te partiste” no seu soneto “Ó meu difuntiño”, e tamén da orixinal lectura proposta para o texto camoniano por Filgueira Valverde en repetidas ocasións, é o momento de completar as referencias relativas á fortuna en Galicia desta celebrada composición coa noticia de dúas versións en galego, feitas por distintos tradutores, que se xuntan ás dúas traducións na mesma lingua, da man de Alberto García Ferreiro e de Curros Enríquez, do non menos famoso poema do autor de *Os Lusíadas* titulado “A Barbara Escrava”<sup>15</sup>.

No que ten que ver coa proxección ibérica en xeral dos versos camonianos en forma de traducións, faise necesario advertir, de inicio, que as versións en castelán da obra lírica do escritor portugués se ofrecen numericamente moi inferiores en comparación coas sucesivas traducións que se fixeron de *Os Lusíadas* ao longo dos séculos, as cales teñen principio, por razóns tanto literarias coma ideolóxicas<sup>16</sup>, xa moi pouco despois da publicación orixinal no ano

---

<sup>15</sup> Vid. Xosé Manuel Dasilva, “Curros Enríquez traductor de Camões: as endechas *A Bárbara Escrava* en galego”, *Grial*, 151, 2001, pp. 405-419.

<sup>16</sup> Ao respecto apréciase entre outros moitos posíbeis, por exemplo, este testemuño esclarecedor, de finais do século XIX, onde se subliña de maneira implícita o interese de índole política ao que non era alleo o traslado ao castelán de *Os Lusíadas*: “Luis de Camoens es para nosotros tanto más simpático, cuanto que sus desgracias recuerdan las de Cervantes, y acaso las excedan. Sin embargo, debería

1572 do laureado poema épico. Así a todo, no catálogo exhaustivo que cómpre, aínda hoxe, levar a cabo en concreto das traducións peninsulares dos versos líricos camonianos débese dicir, certamente, que “Alma minha gentil, que te partiste” ocupa por méritos de seu un lugar privilexiado. A escasa distancia de “Sete anos de pastor Jacob servia”, outro soneto de moita sona que foi o texto do autor de *Os Lusíadas* máis veces posto en castelán<sup>17</sup>, hai que mencionar, en efecto, traducións da responsabilidade de mans diferentes recollidas en diversos volumes que posúen sobre todo natureza antolóxica<sup>18</sup>.

Precisamente algunhas desas versións castelás de “Alma minha gentil, que te partiste”, e a carón de dúas significativas traducións en galego, foron recollidas nos últimos anos do século XIX nunha curiosa colectánea plurilingüe, fermosísima e de non pouca rareza tendo en conta os douscentos exemplares da súa reducida tiraxe, que foi dedicada de forma enteiraamente monográfica ao nomeado soneto<sup>19</sup>. Nun texto introductorio da devandita colectánea, titulado “Carta ao editor” e asinado por Xavier da Cunha, non por casualidade se pon de manifesto que se está perante a poesía de Camões en máis ocasións vertida noutras linguas:

---

ser para nosotros un cruel e involuntario enemigo. Portugal, ese pedazo de España, separado sólo por un idioma que entendemos sin aprenderle, y tan análogo al nuestro, que Camoens usaba indistintamente de los dos, se emancipó de España con *Los Lusíadas*, más que con la batalla de Aljubarrota y su posterior independencia. La literatura de cada pueblo es su frontera más inaccesible” (Luis Vidart, “Recuerdos de Camoens con motivo del tercer centenario de su muerte”, *La Ilustración Española y Americana*, 21, 8 xuño 1880, p. 367).

<sup>17</sup> Vid. Xavier da Cunha, “Um soneto de Camões, imitado em castelhano”, *Boletín da Sociedade de Bibliófilos Barbosa Machado*, 1, 1910, pp. 239-249; Ángel Marcos de Dios, “O soneto *Sete anos de pastor Jacob servia*, em Espanha”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, XXXVII, 1998, pp. 219-228.

<sup>18</sup> Vid. Luís de Camões, *Obras poéticas de Luís de Camões que tradujo al castellano Don Lamberto Gil*, Madrid: L. P. Villaverde, 1818. Vol. 3: *Rimas*. Trad.: Lamberto Gil. Reed.: *Poesías Selectas de Luiz de Camoens*, Madrid: Suc. de Hernando, 1914; Jaime Martí-Miguel, *Granos de oro*, Madrid: Establecimiento Tipográfico de Góngora, 1883; Luís de Camões, *Líricas de Luís de Camões*, Lisboa: Imprensa Nacional, 1898. *Com traduções francesas e castelhanas de José Benolíel*; Francisco Soto y Calvo, *Joyario de Camoens*, Buenos Aires: Agencia General de Librería y Publicaciones, 1924; Luís de Camões, *Las mejores poesías (líricas) de los mejores poetas. Camões*, Barcelona: Ed. Cervantes, s.a. Trads.: Lamberto Gil, Andrés González Blanco e Fernando Maristany.

<sup>19</sup> Luiz de Camões, *Alma minha gentil...*, Lisboa: Typographia Elzeviriana, 1886. *Editado por Alfredo de Carvalho e revisto por Xavier da Cunha*. No volume consta o seguinte colofón: “Sob a direcção artística do impressor Alfredo de Carvalho introu nos prelos esta edição do *Alma minha gentil* aos 8 dias de Junho de 1886 em commemoração da solemnidade com que seis annos antes foram recolhidas no Pantheon de Santa Maria de Belem as cinzas do immortal cantor de *Nathercia* Luiz de Camões”.

Dos sonetos de Luiz de Camões o que mais veces tem recebido as honras da transcripción e da traducción é inquestionavelmente aquela elegia suavissima que o Poeta sentiu evolar-se-lhe do coração n'um soluço de inconsolavel saudade ante o passamento da sua idolotrada Nathercia.

Pode mesmo talvez dizer-se que este soneto, e o famoso episodio de "Ignez de Castro" na epopéa dos *Lusiadas*, constituem os trechos mais frequentemente aproveitados por quantos em língua estrangeira se propõem ofrecer amostra da lyra camoniana.

É que existe em ambos elles aquella incomparavel ternura das lagrimas, aquella maviosa linguagem do coração humano sensibilizado em todas as suas fibras perante o golpe mais cruel da adversidade<sup>20</sup>.

A primeira das dúas versións en castelán de "Alma minha gentil, que te partiste" recollidas neste volume corresponde a Lamberto Gil, o primeiro responsábel de trasladar sistematicamente, aínda a principios do século XIX, os versos líricos camonianos, amais dun dos diversos traductores españois que tivo *Os Lusíadas*. Véxase a súa traducción, xa daquela publicada, do soneto:

Alma mia gentil, que te partiste  
de esta vida mortal tan brevemente,  
descansa allá en el Cielo eternamente,  
y viva yo en la tierra siempre triste.

Si en el asiento etéreo á do subiste  
memoria de esta vida se consiente,  
nunca te olvides del amor ardiente  
que en mis ojos tan puro y firme viste.

Y si ves que algo puede merecerte  
el inmenso dolor que me ha quedado  
del daño irreparable de perderte,

---

<sup>20</sup> Xavier da Cunha, "Carta ao editor", en *Alma minha gentil...*, pp. 5-6. Este xuízo non pode ser considerado, en termos meramente cuantitativos, esaxerado. Vid. por exemplo Anne-Marie Quint, "Quelques reflexions à propos des traductions succesives du sonnet de Camoes", *Nova Renascença*, 60-63, 1996, pp. 73-88.

ruega al Dios, que tus años ha abreviado,  
que tan presto de aquí me lleve á verte  
cuan presto de mis ojos te ha quitado<sup>21</sup>.

A outra traducción castelá da composición camoniana aparece asinada por Matilde Perry Coronado, filla da escritora extremeña Carolina Coronado, quen na súa novela *La Sigea* erixira a Camões como personaxe protagonista ao lado da heroína feminina Luisa Sigea<sup>22</sup>. Velaquí estoutra versión:

Alma mia gentil, que te partiste  
tan pronto de esta vida displicente,  
reposa allá en el Cielo eternamente,  
y viva yo en la tierra siempre triste.

Si en la etérea mansión donde subiste  
memoria de esta vida se consiente,  
no te olvides de aquel amor ardiente  
que en mis ojos tan puro descubriste.

Y si ves que pudiera merecerte  
galardón el dolor que me dejó  
la pena sin remedio de perderte,

ruega a Dios que tus años acortó  
que tan pronto de aquí me lleve á verte  
cuan presto de mis ojos te llevó<sup>23</sup>.

Débase indicar, polo demais, que é posíbel igualmente rastrexar nesta obra unha versión do soneto de Camões en catalán, realizada por F. Matheu:

Ánima meva, ma gentil aymada  
d'aquesta terra tan aviat fugida,  
repôsa allá en lo Cel, mentre afligida  
ma carn gemega en la terrena estada.

---

<sup>21</sup> Camões, *Alma minha gentil...*, p. 12.\*

<sup>22</sup> Carolina Coronado, *La Sigea*, Madrid: Anselmo Santa Coloma, 1854. Carolina Coronado tamén foi autora dun poema dedicado conxuntamente a Camões e a Calderón. Vid. *Álbum calderoniano*, Madrid: Gaspar Editores, 1881. *Homenaje que rinden los escritores portugueses y españoles al esclarecido poeta don Pedro Calderón de la Barca en la solemne conmemoración de su centenario*.

<sup>23</sup> Camões, *Alma minha gentil...*, p. 13.

Si en l'eternal sojorn hont ets pujada  
s'hi consent lo recort d'aquesta vida,  
no t'oblides d'aquell que no t'oblida,  
del amor que bullia en sa mirada.

Y si'l dolor inmens, si l'agonia  
al que visch batallant, si l'amarch plor  
que'ls ulls m'escalda y cega nit y dia,

pot meréxe'una gracia del Senyor,  
demánali que'm mate, vida mía,  
per gosar en la gloria'l nostre amor<sup>24</sup>.

Coa mesma xerarquía que o castelán, en lingua galega aparecen na comentada obra políglota igualmente dúas traduccions, asinada a primeira delas por Ramón del Valle, pai de Valle-Inclán, que debeu reservar ao parecer un oco para o labor traductor na súa actividade tan versátil como home de letras, xornalista e erudito histórico. Véxase a súa adaptación galega de “Alma minha gentil, que te partiste”:

Alma miña gentil, que te partiste  
d'esta vida de dor tan prestamente,  
repousa alá no Ceo eternamente,  
e viva acá eu na terra sempre triste.

Si no seo da Gloria a onde subiste  
memoria d'esta vida se consente,  
non t'esquezas d'aquel amor ardente  
que aquí tan puro nos meus ollos viste.

E, si vires que pode merecerche  
algun a cousa a dor que me quedou  
da magua sen remedio de perderche,

roga á Dios, que os teus anos acortou,  
que tan cedo d'acá me leve a verche  
cuan cedo dos meus ollos te levou<sup>25</sup>.

---

<sup>24</sup> Camões, *Alma minha gentil...*, p. 35.

<sup>25</sup> Camões, *Alma minha gentil...*, p. 14.

A segunda versión en galego de “Alma minha gentil, que te partiste” é, polo contrario, anónima, sen que se coñeza polo de agora o máis mínimo indicio que conduza a identificar o seu traductor. Si cabe consignar nesta traducción, emporiso, con relación á que fixera o proxenitor de Valle-Inclán, moi puntual en todos os seus versos, sobre todo un distanciamento expresivo maior perante o texto orixinal, ben como unha competencia idiomática en galego máis limitada. Repárese:

Alma miña xentil que te marchaches  
d’esta vida tan pérfida é ilusoria,  
repos’aló dos xustos na victoria  
mentras morro na terra que deixaches.

Si n’etérea mansion á dó escapaches  
consinten d’esta vida un’ha memoria,  
aquele amor n’esquenzas dend’a gorria  
que sempre nos meus ollos ti miraches.

E, si ves que poidera merecerche  
galardon ó door que me deixou  
a pena sin remedio de perderche,

roga á Dios qu’os teus anos acortou  
que tan longo d’aquí me leve á verche  
can presto dos meus ollos che levou<sup>26</sup>.

Co obxecto de complementar a noticia destas dúas traduccións en lingua galega do soneto “Alma minha gentil, que te partiste”, cómpre referir, por último, que a colectánea ata aquí descrita, da que se garda un exemplar na *Biblioteca Nacional de Lisboa*, foi novamente publicada con escasas diverxencias dezaioito anos máis tarde, agora en territorio brasileiro<sup>27</sup>. Integrada igual que

---

<sup>26</sup> Camões, *Alma minha gentil...*, p. 15.

<sup>27</sup> Luiz de Camões, *Nathercia. Alma minha gentil...*, Pará: Imprensa de Alfredo Augusto Silva, 1904. Editor: Alfredo Augusto Silva. Reviu e prefaciou: Arthur Vianna. Aparece aquí como colofón o seguinte texto: “A impressão do presente volume, onde se acham reunidas varias traducções do soneto *Na morte de Nathercia* do poeta Luiz de Camões, foi feita nesta cidade de Santa Maria de Belem do Grão-Pará (E. U. do Brasil), sob a direcção e artes de Alfredo Augusto Silva, para assim pôr em obra este dito livro; e acabou-se numa quinta-feira, aos vinte e cinco dias de mez de agosto do anno da Graça de Nosso Senhor Jesus Christo de MCMIV”.

a primeira publicación da obra por unha tiraxe de douscentos exemplares de alto valor artístico<sup>28</sup>, dos que un se conserva no *Real Gabinete Português de Leitura* do Río de Xaneiro, nesta reedición a novidade principal reside na vontade extrema de enxalzar a personalidade de Natércia, hipotético trasunto de Catarina de Ataíde, na condición de amada privilexiada por Camões a través da súa obra lírica. A esa vontade responde, por exemplo, o texto introductorio titulado precisamente “Nathercia”, sen asinar, onde se presenta un retrato biográfico do escritor repleto de ingredientes lexendarios<sup>29</sup>. Ao mesmo desexo interpretativo obedece, en fin, un “Prefácio”, da autoría de Arthur Vianna, no que o propósito primordial é demostrar, por medio dunha lectura parcial de “Alma minha gentil, que te partiste” e doutros versos camonianos, que Catarina de Ataíde e non outra foi a principal receptora da paixón amorosa do grandísimo poeta luso<sup>30</sup>.

*Xosé Manuel Dasilva*  
Universidade de Vigo

---

<sup>28</sup> De feito, tal reedición está impresa “em cartolina imperial assetinada, com vinhetas” (Artur Forte de Faria de Almeida, org., *Catálogo da Exposição Camoniana do Real Gabinete Português de Leitura do Rio de Janeiro Comemorativa do Quarto Centenário da Edição de Os Lusíadas Seguido de notas Bio-Bibliográficas Sobre a Cultura Portuguesa do Século XIX*, Rio de Janeiro: Gráfica Olímpica Editora, 1972, p. 26).

<sup>29</sup> Camões, *Nathercia. Alma minha gentil...*, pp. VII-XIV.

<sup>30</sup> Camões, *Nathercia. Alma minha gentil...*, pp. XVI-XLIV.